

*Pórtico
do Paraíso*

XVIII Festival Internacional de Música

TRADUCCIÓN

Beatriz Varandas / Conchi da Silva

CORRECCIÓN TEXTOS

Beatriz Varandas

TEXTOS SALAS

Antonia García

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Miguel Chaler Publicidad

IMPRESIÓN

Imprenta da Deputación Provincial

DEPÓSITO LEGAL

OU ??-???



Pórtico do Paraíso

XVIII Festival Internacional de Música

do 9 ao 18 de maio de 2025

Juan Enrique Miguéns • Director artístico do Festival Pórtico do Paraíso

Inauguramos esta décimo oitava edición -a da maioría de idade- na Igrexa de Santiago das Caldas co prestixioso cuarteto vocal valenciano Quinta Essencia interpretando un programa dedicado a explorar a beleza e a profundidade da música sacra renacentista, a través de dous dos seus expoñentes máis ilustres, o español Victoria e o italiano Palestrina, precisamente no quinto centenario do nacemento deste último.

No primeiro concerto da provincia, imos ao Pazo de Vilamarín -novo escenario- para gozar da voz da especialista italiana Irene Brigitte acompañada na corda pulsada polo experimentado laudista portugués Pedro Martins facendo poemas musicados ao longo do século XVI nas cortes italianas e portuguesas.

Tras o éxito da pasada edición, e esta vez en formato de concertos didácticos, volvemos contar no Teatro Principal cos galegos Antón Seijas (clarinete), Diego Segade (viola) e Andrea Vilar (piano) e a súa proposta Música e Memes, un orixinal concerto no que a través do trío K. 498 de Mozart propoñense explicacións sobre o sentido da música en forma de memes da internet. Ademais, cunha plataforma en tempo real e a través de smartphones, a audiencia participará e tomará decisións activas sobre o que sucederá no escenario.

A premiada guitarrista australiana Stephanie Jones, que desenvolve cada ano unha incesante actividade concertística en Centroeuropa, Asia e USA ofreceranos nada menos que o seu primeiro concerto en España no Liceo de Ourense cun programa moi atractivo e evocador.

E chegamos ao concerto de clausura con Spanish Brass, o mítico quinteto de metais valenciano de enorme prestixio internacional, que volve ao Festival nove anos despois, propoñéndonos o programa que conmemora o trixésimo quinto aniversario do grupo, integrado por algunhas das obras máis significativas interpretadas na súa carreira, no refectorio do formidable mosteiro de Oseira.

E ademais, a esta edición quixémoslle dar un forte enfoque pedagóxico, realizando cinco cursos intensivos -trompeta, trompa, trombón, tuba e guitarra- cos músicos convidados ao Festival no Conservatorio Profesional de Ourense.

A maioría de idade do Pórtico do Paraíso xa está aquí...suxestiva, fascinante... e obviamente ecléctica. Non existe algo nin tan sequera parecido en toda Galicia. A gozala!

Luis Menor • Presidente da Deputación de Ourense

Chega o festival Pórtico do Paraíso á súa décimo oitava edición e faino gozando de plena saúde, alcanzando a súa maioría de idade sen deixar de medrar en contidos, en espazos e en oferta musical como garante de cumprimento dos obxectivos marcados cando vía a luz por primeira vez este proxecto cultural.

O seu carácter internacional queda expresado coa presenza de músicos de Italia, Portugal, Australia e España, onde tamén está presente Galicia co evento Música y Memes. E a súa vocación divulgadora mantense en plena forma cos cursos de interpretación que ofrece o seu variado programa.

Música e intérpretes de primeiro nivel en lugares excepcionais como son a Igrexa de Santiago de As Caldas, o Pazo de Vilamarín, o Conservatorio de Música, o Liceo ou o maxestuoso Mosteiro de Santa María de Oseira. En definitiva, música e patrimonio danse a man para medrar xuntos e para amosar canto de bo ten o noso Ourense, este Ourense perdurable ao que se refería Vicente Risco.

Ourense foi sempre lugar onde a cultura tivo e ten unha presenza especial na vida desta provincia, unha cultura que nos engrandece como persoas, que contribúe a conformar unha personalidade rica e plural, crítica e solidaria á vez.

Este programa é un programa que responde a eses criterios, aberto á participación da cidadanía, pensado para as persoas, que son o noso obxectivo final. A Deputación de Ourense, institución que me honro en representar, ofrece este festival dende un compromiso coa calidade e co desexo de contribuir a facer da nosa provincia cada día un lugar mellor.





con alma



J. Rebolledo
JOAQUÍN REBOLLEDO

www.joaquinrebolledo.com

San Roque 11 A Rúa Ourense Galicia España
Tlfn. 988 372 307 Fax. 988 371 427

Cuarteto vocal
(Valencia)

QVINTA ESSENCIA

[Venres, 9 de maio, 20:30 h]

[Igrexa de Santiago das Caldas (Ourense)]

(Entrada libre)

Voz e corda pulsada
(Italia e Portugal)

CANTAR POESÍA

[Domingo, 11 de maio, 19:00 h]

[Pazo de Vilamarín (Vilamarín)]

Clarinete, viola e piano
(Galicia)

MÚSICA Y MEMES

[Martes, 13 de maio, 10:00 e 12:00 h]

[Teatro Principal (Ourense)]

Guitarra
(Australia)

STEPHANIE JONES

[Xoves, 15 de maio, 20:00 h]

[Liceo de Ourense]

Quinteto de metais
(Valencia)

SPANISH BRASS

[Domingo, 18 de maio, 19:00 h]

[Mosteiro de Santa María de Oseira (Cea)]

Entradas online en **porticodoparaíso.com** • Entradas físicas en **Musical González** e no **Liceo de Ourense**

QVINTA ESSENÇA

Cuarteto vocal (Valencia)

[Venres, 9 de maio, 20:30h]

[Igrexa de Santiago das Caldas]

Concerto homenaxe
ao Papa Francisco
(1936–2025)



Èlia Casanova **SOPRANO** Hugo Bolívar **ALTO** Albert Riera **TENOR** Pablo Acosta **BAIXO** Jorge López-Escribano **ÓRGANO**

QVINTA ESSENÇA

Qvinta Essença afonda na interpretación da polifonía do Renacemento afastándose do camiño da ortodoxia. As súas interpretacións caracterízanse pola abundancia de detalles e cores, nun diálogo onde cada unha das catro voces encontra o seu lugar no con-xunto para facer que a expresión do texto e da música se sitúe no centro de todo.

Actualmente aborda programas de diversa índole, todos eles representativos dos principais compositores e estilos dos séculos XVI, XVII e XVIII. Así abrangue a música renacentista española, pasa polos grandes madrigalistas italianos e chega ata Johann Sebastian Bach.

Qvinta Essença formou parte da programación de algúns dos festivais máis importantes de España e Europa: Festival de Música Antiga de Utrecht, Festival de Montfaucon, Day of Early Music de Liexa, Torroella de Montgrí, Palau de la Música Catalana, Festival Internacional de Santander, Barcelona Llums d'Antiga, Fundación Juan March, Festival de Música Barroca de Albacete, Murcia Músicas Históricas, Festival de Música Barroca del Puerto de la Cruz en Tenerife, Sagunt in Excelsis, Festival Renaixement en València, Festival de Música Barroca de Vélez Blanco ou Festival de Musica Antigua de los Pirineos.

En 2019, viu a luz o seu primeiro proxecto discográfico dedicado integramente ao primeiro libro de madrigais de Luca Marenzio; en 2023, publicou *El sentir de mi sentido*, dedicado á música e á poesía amorosa do Siglo de Oro español. Así mesmo gravou a banda sonora de *Teresa*, película da directora Paula Ortíz, e acaba de gravar o terceiro CD, dedicado á música sacra española sobre a figura de María Madalena.

PROGRAMA

(60 min)

VICTORIA EN ROMA

Tomás Luis de Victoria (1548-1611)

Ave Maris Stella

Missa Ave Maris Stella

- **Kyrie**
- **Gloria**

Giovanni Pierluigi da Palestrina (1525-1594)

Ad Dominum contribularer

Ad te levavi oculos meos

Tomás Luis de Victoria

Missa Ave Maris Stella

Credo

Tomás Luis de Victoria

Missa Ave Maris Stella

Sanctus/Benedictus

Agnus Dei

Ave Maria

Sancta Maria

Miserere mei, Deus



SANTIAGO DAS CALDAS

As Caldas foi un dos asentamentos que, na época romana, prosperaron no contorno do poboado de agricultores que daquela era a cidade de Ourense.

Consta a existencia dunha capela mozárabe chamada Santa Catarina de Reza Vella, na Alta Idade Media, e tense coñecemento da formación, cara aos séculos XI-XII, dunha parroquia da que aparecerán datos ata o ano 1639.

A parroquia das Caldas tiña un templo románico do século XVI que, xunto coa reitoral, atopábase moi preto do actual cemiterio das Caldas, nas ribeiras do Miño. Aínda que se reformaron no século XVII pronto quedaron pequenos para atender as necesidades da poboación e xa, a finais do século XIX, estaban en estado ruinoso.


No ano 1905, o bispo Eustaquio Llundain y Esteban encárgalle a José María Bastera, arquitecto da diocese de Bilbao, a construción do novo templo parroquial. O 30 de xullo de 1910 colócase a primeira pedra na Avenida das Caldas.

O edificio levantouse segundo o gusto historicista da época. O gótico e a súa lixeireza e luminosidade foi o seu modelo. Os elementos estruturais básicos son o arco apuntado, a bóveda de cruceira e os arcobotantes, que lle dan a esta igrexa a imaxe característica exterior.

A fachada presenta unha soa torre central, típico esquema das igrexas construídas por Bastera.

En 1919 encárgase a Maximino Magariños, imaxineiro relixioso compostelán, o retablo. Ten estrutura de portada gótica con policromía dourada na que todo é filigrana oxival e adáptase perfectamente ao estilo do templo. Os relevos das rúas laterais representan escenas da vida do patrón da igrexa: Santiago Apóstolo. Na parte baixa, un Crucifixo do Cristo do Perdón; no piso superior, unha escultura de gran tamaño en madeira do Apóstolo.

En Federópticos
Óptica Moderna
cuidamos un ano más
tu salud visual y auditiva,
para que puedas seguir
emocionándote con
Pórtico do Paraíso.



Reserva tu cita en nuestro teléfono: 988 21 08 42 y visítanos en: Rúa Papa Juan XXIII, 3 Galería, Local 1. Ourense



CURSOS DE INTERPRETACIÓN NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE OURENSE

STEPHANIE JONES

GUIARRA

Venres 16 de maio

SPANISH BRASS

CARLOS BENETÓ GRAU E JUANJO SERNA SALVADOR • TROMPETA

MANUEL PÉREZ ORTEGA • TROMPA

INDALECIO BONET MANRIQUE • TROMBÓN

SERGIO FINCA QUIRÓS • TUBA

Sábado 17 de maio

A black and white portrait of Irene Brigitte, a woman with long dark hair and bangs, looking upwards and to the right with a slight smile. The background is a blurred outdoor scene with foliage.

CANTAR POESÍA

Voz e corda pulsada (Italia e Portugal)

[Domingo, 11 de maio, 19:00 h] • [Pazo de Vilamarín (Vilamarín)]

IRENE BRIGITTE • PEDRO MARTINS



IRENE BRIGITTE

Irene Brigitte (Trieste, 1989) obtivo a mestría en canto renacentista e barroco no conservatorio de Vicenza “Arrigo Pedrollo” (Italia) con Gemma Bertagnolli. Actualmente está a realizar o doutoramento en estudos artísticos na Universidade de Coimbra, cun traballo de investigación dedicado á música portuguesa do século XVI que tamén encontra a súa expresión no proxecto Cantar Poesía.

Inicia a actividade discográfica en 2008, colaborando en varios proxectos. No ámbito da música antiga, podemos mencionar a edición crítica e interpretación da misa medieval de Du Fay *Se la face ay pale*, dirixida por Claudia Caffagni (Amadeus, 2017), a colaboración co *ensemble* Sesquialtera para unha gravación destinada a MedRen 2021 en Lisboa, e a colaboración co *ensemble* Arte Minima (dirixido por Pedro Sousa Silva) para o álbum *In splendoribus* (2021), e *Francisco de Santa Maria: Missa O Beata Maria* (Pan Classics, 2023).

Irene Brigitte afondou nos estudos de música antiga participando en varias masterclasses impartidas por músicos como Claudia Caffagni, Christian Hilz, Maria Cristina Kiehr, Emma Kirkby, Roberta Invernizzi e Lia Serafini. Cantou como solista e corista en varios festivais europeos, entre eles o Mes de Música da Catedral de Milán, e na programación de prestixiosas salas de concertos como a Casa da Música (Porto), o Teatro Olímpico (Vicenza) e o Teatro Dal Verme (Milán).

PEDRO MARTINS

Pedro Martins naceu en 1979. Completou a licenciatura en música antiga na ESMAE (Porto) en 2018, estudando laúde con profesores Hugo Sanches e Ronaldo Lopes. En 2020 finalizou o máster en profesorado de música – variante instrumental (laúde) na ESMAE. Realizou masterclasses con Eduardo Egeuz, Vinícius Perez e Rafael Muñoz. Participou en diversos cursos de música antiga, entre eles: Curso Internacional de Música Antiga organizado pola ESMAE, Cursos Internacionais de Música Antiga organizados por MAAC e os Encontros Internacionais de Música da Casa de Mateus.

Foi instrumentista convidado de varios grupos e proxectos, como o Coro de Câmara de São João da Madeira, o Coro Misto de Beira Interior, Gaudium Vocis, Il Dolcimelo, Iberian Ensemble, Ventos do Atlântico, Orquestra Barroca da Casa de Mateus, Música Antiqua do Porto, Sinfonietta de Braga e La Nave Va, entre outros.

En 2017, fundou, xunto con António Vieira, Liuto Cantabile, un grupo de cámara dedicado ao repertorio histórico para mandolina. En 2018, fundou o grupo Spirito dell'Anima, dedicado á interpretación de música vocal e instrumental do século XVII. Tamén é membro dos grupos Cuore Armonico, La Voix de l'âme, Musurgia e Cantar Poesía.

PROGRAMA

(60 min)

Non è tempo d'aspettare

Marchetto Cara (1470-1525)

Frottole libro primo, Venezia: Petrucci, 1504

Na fonte está Lianor

Lágrimas de saudade*

Pois tudo tão pouco dura

Não tragais borzeguis pretos

Anónimo

F-Peb Masson 56 'Cancioneiro Musical de Paris', 1545-1570

Porque me não vês Joana

Tu gitana

Anónimo

P-Em 11793 'Cancioneiro Musical de Elvas', 1550-1575

Falai miña amor

Luis de Milán (c.1500 - c.1561)

El Maestro, 1536

Io non compro piú speranza

Marchetto Cara

Frottole libro primo, Venezia:

Petrucci, 1504

Canzon seconda a Basso Solo

Girolamo Frescobaldi (1583-1643)

***reconstrução polifónica**

por Irene Brigitte



PAZO FORTALEZA DE VILAMARÍN

Ata finais do século XIV a xurisdicción de Vilamarín foi señorío real aínda que gobernada no seu nome por un cabaleiro. No ano 1372 Enrique II doa o coto a Afonso Ojea de Vilamarín e aos seus descendentes e foi nese momento cando se pensou en construír unha casa-forte nun territorio que ata ese momento non precisaba dela debido ao seu limitado valor estratéxico.

A construción da fortaleza comeza na primeira metade do século XV e durante as seguintes centurias fóronse engadindo estancias, estruturas e decoración que se axustaban á función mais palaciana que foi adquirindo o edificio.

Levantado en cachotería de granito, o pazo ten planta poligonal irregular con sete esquinas e cinco torres ameadas con matacáns en beiril. Os lados noroeste e suroeste están tamén defendidos por unha barbacá e un camiño de ronda que non foron precisos nos outros costados protexidos xa polo propio terreo cunha forte pendente. Coas sucesivas melloras, o remate ameado deu paso á cornixa con canos e gárgolas que coroan o conxunto que aínda conserva as seteiras, algunha garita de defensa e os desgastados escudos de armas dos Vilamarín.

Na fachada principal, entre dúas torres circulares unidas por unha estreita balconada e enmarcado por un arco de medio punto e xambas con doelas de cantería, o portalón principal dá acceso ao pazo. O espazo interior organizase ao redor dun patio central cunha escaleira que ascende ao piso alto onde se encontran diferentes estancias comunicadas entre si que teñen saída directa á galería que percorre toda a parte superior. Na planta baixa situábanse os almacéns, as cortes e outras dependencias que probablemente nalgún momento se empregaron como cárcere. A co-ciña é unha das pezas máis interesantes do conxunto. Con acceso á torre sur, conserva a lareira coa enorme campá e o lousado de granito.

A capela de planta rectangular do exterior é do século XVIII e está dedicada a san Gregorio Magno. Sobre a porta principal, un pequeno rosetón e unha espadana de dous corpos que remata cun frontón.

Pórtico da Catedral de Ourense



A NOSA CULTURA
DEFÍNENOS

www.coren.es



Dr. Karina Caeiro Parracía
ortodoncia e implantóloga

Dra. Beatriz Pintos Pérez
endodoncista-odontopediatra

Clínica dental Parracía

Implantes


Ortodoncia autoligable

Alineadores invisibles

Endodoncias

Odontología general

Niños



Búscanos en la web

www.parracia.es

Nº de Registro Sanitario: C-32-000640



Av. Celanova, 15 - A Valenzá • 32002 Barbadás (Ourense) • Tel. 988 60 14 13 • info@parracia.es

MÚSICA Y MEMES

Trío de clarinete, viola e piano (Galicia)

[Martes, 7 de maio, 20:00h] [Teatro Principal (Ourense)]



Diego Segade
VIOLA



Andrea Vilar
PIANO



Antón Seijas
CLARINETE



MÚSICA Y MEMES

Música y memes é un concerto que atende a un deber, para nós, inherente a todo intérprete de música clásica: reivindicar o valor deste xénero na actualidade. Partindo dunha rigorosa investigación semiótica, nesta proposta o público comprende o sentido musical a través de memes de internet, elementos de comunicación clave na era das redes sociais.

O discurso musical actualizado combínase coa interacción entre público e intérpretes mediante unha plataforma web en tempo real, facendo que os asistentes tomen parte activa no que sucede sobre o escenario. Tras o espectáculo, a reflexión: é a música clásica un xénero tan afastado do mundo actual? Pode esta música responder aos intereses e inquietudes do público de hoxe en día?

Música y memes orbita ao redor da interpretación do Trío K. 498 Kegelstatt para clarinete, viola e piano, de W.A. Mozart. A través desta obra propóñense explicacións sobre o sentido da música baseadas nunha previa análise de significado en clave operística. Estas aclaracións preséntanse en forma de memes de internet, facendo que a música de finais do século XVII se exprese en dinámicas e intereses actuais.

Este achegamento, orixinal, innovador, pero non por iso menos rigoroso, combínase con outro elemento crucial para o achegamento entre a música clásica e os oíntes: cunha plataforma en tempo real e a través dos *smartphones*, a audiencia participa e toma decisións activas sobre o que sucede no escenario. Ademais, o concerto tamén conta cunha obra creada a medida pola compositora Sofía Oriana, na que a música dos videomemes máis virais forma parte do discurso musical. Sen dúbida, unha experiencia que termina por rachar todas as barreiras entre a música clásica e o mundo que nos rodea.



TEATRO PRINCIPAL

Santiago Sáez Pastor decidiu construír na década de 1830 o Teatro Principal, na rúa da Paz, antiga rúa dos Zapateiros. Ao parecer, foi unha especie de vinganza porque venderon o palco que el tiña reservado, nun día de función, no vello teatro.

Levantou o novo no lugar onde tiña a súa vivenda e o seu negocio, un banco. O edificio foi un pequeno teatro “á italiana”, é dicir, cun patio de butacas e palco na planta baixa, tres pisos de palcos e escenario. O teito con decoración vexetal e xeométrica. A parte que daba á rúa tiña planta baixa, que era o vestíbulo do teatro, e catro alturas que se destinaban a vivendas.

Foi, durante bastantes anos, o único teatro público da cidade e o lugar de ocio máis selecto. Era o centro da vida social e cultural e nel houbo concertos, zarzuelas, obras teatrais, bailes, mitins,...O poeta Zorrilla leu os seus versos no Principal, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán participaron nun concurso literario e personaxes como Calvo Sotelo ou Gil Robles organizaron nel importantes actos políticos.

No 1912 o cine chega a Ourense e o Teatro Principal, tres anos despois, proxecta a súa primeira película, *Viva el Rey*, nunha sala remodelada e adaptada ás novas necesidades.

Na transición pechouse e estivo a piques de desaparecer. “Trátase de salvar o Principal” foi a consigna dun grupo encabezado por artistas, profesores, arquitectos e xente da vida pública ourensá, que logrou que a remodelación comezara a principios dos anos 80. O Teatro Principal reinaugurouse en 1992.

Musical González

dende 1978





STEPHANIE JONES

Guitarra (Australia)

[Xoves, 15 de maio, 20:00h]

[Liceo de Ourense]

STEPHANIE JONES

Na infancia de Stephanie Jones a música empezou a soar desde moi cedo. Pasou por moitos instrumentos, primeiro o piano, despois o violín e, sucesivamente, a viola, o saxofón e a frauta. Con todo, foi a guitarra, coa súa engaiolante gama de sons e gran versatilidade, o que finalmente atraeu a súa atención, e a que rápida-mente se converteu no seu primeiro amor.

Stephanie Jones converteuse nunha intérprete de guitarra clásica de renome mundial, sexa como membro de grupos de cámara ou como solista. Licenciouse en música na Australian National University baixo a guía de Tim Kain e Minh le Ho-ang, así como un Masters Degree e Konzertexamen na University of Music Franz Liszt de Weimar (Alemaña) co profesor Thomas Müller-Pering.

Stephanie ofrece concertos e clases maxistras por todo o mundo, formando parte da programación dunha morea de festivais. Tamén lanzou tres álbums en solitario: *Open Sky* (2020), *Colours of Spain* (2015) e *Bach, the Fly, and the Microphone* (2009). Stephanie foi membro do aclamado Weimar Guitar Quartet, e tamén colaborou con Karen Gomyo no álbum *A Piazzolla Trilogy*, con BIS Records.

Stephanie gañou numerosos premios en prestixiosos concursos, incluído o primeiro premio no Hannabach Guitar Competition (Alemaña) e o Uppsala International Guitar Festival Competition (Suecia). Foi elixida “Virtuoso of the year” polo Fine Music Network Young Competition (Australia).

A Stephanie apaiñónalle compartir a súa música cos demais e é recoñecida como unha artista innovadora e profundamente musical. Toca unha guitarra con tapa de abeto de 2012 do *luthier* Paul Sheridan de Perth (Australia), unha guitarra *crosso-ver* de 2020 de Daniel Zucali, unha guitarra de celosía de 2022 de Fernando Mazza e unha guitarra de abeto de dobre tapa da marca Altamira.

PROGRAMA

Parte I (35 min)

BWV 1006a Gavotte & Gigue

Johann Sebastian Bach (1685-1750)

Black Cockatoo Flying Alone...

Richard Charlton (1955-)

Beneath a River of Stars

Richard Charlton

Progression I: Luminance

"There is no morning just light"

Jakob Schmidt (1993-)

Cielo Abierto

Quique Sinesi (1960-)

Parte II (35 min)

"Oy, u vishnevomu sadu" (Oh, no campo das cereixas)

Fantasia arredor dunha canción popular de Ucraína

Rostyslav Holubov (1994-)

Estaciones Porteñas

Invierno Porteño

Primavera Porteña

Verano Porteño

Otoño Porteño

Astor Piazzolla (1921-1992)

Felicidade

Antônio Carlos Jobim (1927-1994)

Arr. Roland Dyens



LICEO DE OURENSE

No século XVI a cidade de Ourense comeza a desenvolverse. O cabido e o corrixidor patrocinan a construción de edificios administrativos que se engaden ás novas edificacións residenciais da xerarquía eclesiástica e familias importantes. Estas novas casas-pazo érguense nas proximidades da catedral, principalmente ao norte da vila. Os Oca Sarmiento aséntanse en Ourense a finais do século XV e constrúen, entre o 1500 e o 1525, a súa casa na rúa Nova, que era unha das vías polas que a cidade medieval empezaba a se desbordar.

No ano 1863 neste edificio instálase o Liceo Recreo Orensano. Unha nacente sociedade urbana está xurdindo nun Ourense que na primeira metade do século XIX aínda carecía de luz eléctrica. Unha burguesía con inquedanzas promove a creación de asociacións culturais que pretenden impulsar o desenvolvemento urbano e educar a poboación. Neste contexto un grupo de artesáns e profesores funda no ano 1850 o Recreo de Artesanos de Orense. Tras diferentes localizacións, establécense neste inmoible en 1870.

Da antiga distribución do pazo pouco queda. En sucesivas ampliacións elimináronse os cuartos, a cociña, a bodega e todos os elementos propios dunha vivenda do século XVI. Queda da edificación orixinal a fachada de dúas plantas con portada sinxela e catro balcóns que dan á rúa. Tamén se mantén do pazo primitivo o patio renacentista, antigamente sen cubrir, que articula o espazo ao seu arredor e que é o protagonista da construción. Os dous pisos orixinais están separados por unha arquitecra sostida por columnas poligonais na parte baixa, que no primeiro corpo son de fuste cilíndrico. Os capiteis son xeométricos e, a xeito de decoración, colócanse nos ángulos escudos coas armas da familia e unha pétrea cadea labrada que percorre todo o patio á maneira de friso. Os murais que decoran a planta inferior son do século XIX de gusto folclorista e rexionalista propio da época.

O Liceo foi ata ben entrado o século XX o centro vital do Ourense cultural e social. Ciclos de conferencias, lecturas poéticas, concertos; personaxes da cultura ourensá, galega, española; acontecementos e recordos que contribúen a crear a atmosfera cálida que aínda conserva o inqueda espírito alentador daquela época.

SPANISH BRASS

Quinteto de metais (Valencia)

[Domingo, 18 de maio, 19:00h]

[Mosteiro de Santa María de Oseira (Cea)]



Sergio Finca Quirós
TUBA

Manuel Pérez Ortega
TROMPA

Juanjo Serna Salvador
TROMPETA

Indalecio Bonet Manrique
TROMBÓN

Carlos Benetó Grau
TROMPETA

SPANISH BRASS

“El quinteto de metales es uno de mis formatos favoritos, y el “Spanish Brass” es una excelente, musicalíssssima agrupación que ha contribuido a mantener la tradición “metalúrgica” al más alto nivel por 3 largas y fructíferas décadas de “Heavy Metal” de verdad.” **Paquito D’Rivera**



GENERALITAT
VALENCIANA
Vicepresidència Primera i
Conselleria de Cultura i Esport



INSTITUT
VALENCIÀ
DE CULTURA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CULTURA

inaem
INSTITUTO NACIONAL
DE ARTES ESCENICAS DE LA MUSICA

Con 35 anos de traxectoria no mundo da música, Spanish Brass é un dos grupos de cámara máis dinámicos e consolidados do panorama musical internacional. En 1996 obtivo o primeiro premio do 6º Concurso Internacional para Quintetos de Metais “Ville de Narbonne” (Francia), considerado o máis prestixioso para esta formación. En 2017 recibiu o primeiro premio Bankia ao Talento Musical na Comunitat Valenciana e, en 2019, o premio Espai Ter de Música de Torroella de Montgrí polo proxecto *Mira se hem corregut terres...* Ten no seu haber cinco premios Carles Santos, outorgados polo Instituto Valenciano de Cultura, polos CD *XXX e Mira se hem corregut terres...* (2019), *Aventúreslles de Monsieur Jules* (2020), *Spanish Brass (a) AO VIVO* (2021) e *Resurrección* (2022).

En 2020 recibiu o Premio Nacional de Música na modalidade de Interpretación que outorga o Ministerio de Cultura de España.

Ademais de participaren nalgúns dos festivais máis importantes de música e de realizaren xiras por todo o mundo, o grupo publicou trinta e dous traballos discográficos. Tamén tocaron na gala dos premios Príncipe de Asturias 1995, colaboraron co Centro Dramático Nacional e coa productora El Deseo.

Paralelamente á actividade de concertos, Spanish Brass organiza dous festivais dedicados aos instrumentos de metal de carácter internacional: o Festival Spanish Brass Alzira – SBALZ (www.sbalz.com) e o Brassurround (www.brassurround.com) onde se reúnen cada ano destacados solistas, grupos de cámara e profesores de gran prestixio internacional.

Spanish Brass toca con trompetas e trombón Shires, trompa Paxman e tuba Melton e coa nova aplicación BlackBinder. Ademais son propietarios e utilizan a marca de estoxos de instrumentos Bags. O grupo recibe apoio do Institut Valencià de Cultura e do Ministerio de Cultura-INAEM.

PROGRAMA

(80 min)

spanish
35 BRASS

35 ANIVERSARIO

Sheep may safely grace
Cantata BWV 208

J. S. Bach (1685-1750)
(arr. Carlos Benetó)

El vuelo del viento

Antón García Abril
(1933-2021)

Dance Suite

Leonard Bernstein (1918-1990)

Suite Impromptu

I. Epithalame
II. Marche
III. Elegie
IV. Mouvement

André Lafosse (1890-1975)

Chaplin Suite

Charles Chaplin (1889-1977)
(arr. Thierry Caens)

Asturias

Isaac Albéniz (1860-1909)
(arr. Maxi Santos)

Nana

Manuel de Falla (1876-1946)

Seguidillas

Tomás Bretón (1850-1923)

Oblivion

Astor Piazzolla (1921-1992)
(arr. Thierry Caens)

Libertango

Astor Piazzolla
(arr. Thierry Caens)



MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE OSEIRA

No ano 1137 un grupo de monxes, atraídos pola vida eremítica de comunión con Deus, chegou ás concavidades da serra da Martiñá. A pequena comunidade ascética convértese no primeiro mosteiro en se incorporar en Galicia á orde do Císter de Claraval no 1141.

Oseira, nos séculos XII e XIII, vive o momento de maior esplendor grazas ás numerosas doazóns de reis e nobres. A través dos seus priorados e granxas, o mosteiro transfórmase nun foco colonizador importante. A situación estratéxica das súas posesións permítelle o autoabastecemento, e o crecemento da comunidade fai necesario a construción dun ambicioso conxunto monástico que se inicia coa edificación do templo, consagrado no ano 1239.

Grandiosa na súa sobriedade, a igrexa amosa a sinxeleza decorativa e o amor pola simplicidade e a austeridade cisterciense. As liñas limpas, a decoración vexetal contida, a luz que entra polas naves laterais animan ao recollemento e á oración. Comezada no ano 1185, ten planta de cruz latina con tres naves cubertas por bóvedas de canón en punta. Sobre o cruceiro, unha cúpula nervada e, na cabeceira, un deambulatorio que rodea o presbiterio enmarcado por columnas que acollen unha fermosa imaxe da Virxe do Leite en pedra policromada do século XIII. A igrexa conserva boa parte dos retablos barrocos, froito do empeño decorativo do século XVIII e, aos pés do templo, unha bóveda plana que sostén o coro alto.

Oseira empeza a perder influencia nos primeiros anos do século XVI e, no ano 1545, entra na Congregación de Castela. Pouco despois está a punto de desaparecer cando practicamente é destruída polo grande incendio de 1552. As obras de reconstrución levadas a cabo entre os séculos XVI e XVIII serán as que lle dean a Oseira o aspecto que agora coñecemos. A fachada do mosteiro, os tres claustros e diferentes dependencias para a comunidade, como o refectorio, proxectáronse nese momento. Abandonada no século XIX coa desamortización, os monxes regresan no ano 1929 e con eles o conxunto foi recobrando o brillo doutros tempos. O seu traballo de restauración mereceu o premio Europa Nostra en 1990.



organiza



patrocinan



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

colabora



CLÍNICA DENTAL
PARRACÍA

“Este festival
debe hacernos sentir
orgullosos de
la ciudadanía
ourensana”.

La Región

“Un festival que ha
vuelto a contar con una
afluencia de público y
una excelencia musical
en los conciertos
realmente sobresalientes”.

mundoclasico.com

“Tranquilamente,
pero con creciente
calidad, Ourense va
consolidando su
festival internacional
de música”.

Revista Scherzo

“Un festival que está
calando hondo en la ciudad
de As Burgas y que ha logrado
mejorar el ya alto nivel de
ocupación de ediciones
anteriores”.

El País

“O Festival
“Pórtico do Paraíso”
coloca a Ourense na rota
dos festivais europeus”.

**Diário de Notícias,
Lisboa**

apoian



odaiko



agradecementos



Parroquia
de Santiago
das Caldas

HISTÓRICO

Nestes anos de festival, pasaron por Ourense grandes intérpretes. Na seguinte relación non están todos, pero é unha boa mostra do que levamos feito dende os nosos inicios, alá polo 2008.

Solistas vocais

Raquel Andueza
Marco Beasley
Robin Blaze
Emma Kirkby
Pino de Vittorio

Solistas instrumentais

Iñaki Alberdi, acordeón
Alison Balsom, trompeta
Raúl da Costa, piano
Céline Frisch, clavecín
Andrew Lawrence King, arpa
Alexander Melnikov, piano
Carlos Núñez, gaita
Kyuhee Park, guitarra
Paul O'Dette, laúde
Antonio Serrano, harmónica

Hopkinson Smith, guitarra barroca
Pieter Wispelwey, cello
Andrew York, guitarra
Mika Vayrinen, acordeón

Solistas vocais e instrumentais

Brigitte Lesne
Arianna Savall

Conxuntos vocais

Amarcord
Apollo 5
Diabolus in musica
Discantus
Les Eléments
Odhecaton
Orlando Consort
Tallis Scholars

Conxuntos instrumentais

Calefax Reed Quintet
Katona Twins Guitar Duo
Kosmos Ensemble
Spanish Brass Luur Metalls
Vienna Clarinet Connection

Conxuntos vocais e instrumentais

Accademia del Piacere
Alla Francesca
Capilla Flamenca
Ensemble Jaccques Moderne
Florilegium
His Majestys Sagbutts and Cornetts
La Reverdie
Resonet
The Harp Consort

ORGANIZA
Asociación Pórtico Musical

PATROCINAN
Deputación de Ourense
Axencia Galega das Industrias Culturais

COLABORA
Clínica dental Parracia

APOIAN
Coren, Bodegas Joaquín Rebolledo, Musical González, Federópticos Óptica Moderna,
odaiko, Concello de Cea, Concello de Vilamarín

DIRECCIÓN ARTÍSTICA
Juan Enrique Miguéns

COORDINACIÓN E XESTIÓN
Conchi da Silva

INFORMACIÓN
info@porticodoparaíso.com
www.porticodoparaíso.com

ENDEREZO
Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso
APDO. 1219 • 32080 OURENSE



Pórtico do Paraíso

XVIII Festival Internacional de Música

do **9** ao **18** de maio de **2025**

www.porticodoparaiso.com

organiza



patrocinan



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS

colabora

